PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/07/2024 11:02:11
Nº Rexistro: 1897
Data envio: 19/07/2024 11:02:11.090

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de xullo de 2024, adoptou os seguintes acordos:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

4. Administración do Parlamento

4.1.b) Uso de tratamentos de cortesía na documentación e nas publicacións do Parlamento de Galicia.

Logo de examinada a proposta da xefatura do Servizo de Publicacións, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Fixar os criterios para o uso de tratamentos de cortesía na documentación e nas publicacións do Parlamento de Galicia que se indican a continuación.

2.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios e ao Servizo de Publicacións da Cámara.

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de xullo de 2024, polo que se fixan os criterios para o uso de tratamentos na documentación e nas publicacións do Parlamento de Galicia

O Parlamento de Galicia conta cunha ampla diversidade de textos. Por isto resulta conveniente establecermos uns parámetros o máis xerais posible para o uso de tratamentos de cortesía. Deste modo facilitaremos o traballo de redacción e uniformaremos estes usos.

A *Gramática da lingua galega* de Álvarez e Xove establece que o uso xeral dos tratamentos *don/a* e *señor/a* —os tratamentos máis usados no Parlamento— no rexistro culto depende de se mencionamos o nome de pía ou soamente os apelidos. Así pois, no rexistro culto xeral *don/a* acompaña o nome (acompañado ou non dos apelidos) e *señor/a* acompaña os apelidos: *dona Uxía*, mais *señora Outeiro.* Canto á lingua común, presenta unha maior variabilidade, cun uso de respecto do tratamento *don/a* con profesións prestixiadas como médicos ou sacerdotes. Tamén menciona a posibilidade doutros tratamentos máis solemnes de uso restrinxido e baseado na tradición, como *ilustrísimo/a* ou *excelentísimo/a*.

De acordo coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o tratamento oficial dos membros do Goberno é *señor/a* seguido da denominación do cargo. No entanto, as indicacións do *Manual de Estilo do DOG* aconsellan non empregar os tratamentos cando se mencione estes cargos (*A conselleira de Economía e Industria resolveu o procedemento)* e tampouco coas sinaturas. Alén diso, recomenda limitar o tratamento *don/dona* para os casos de modelos de solicitudes en que se deba introducir o nome, para facilitar que os potenciais usuarios os cubran. Do mesmo modo, para o resto de persoas que se mencionen o Manual establece o uso de *señor/a* en caso de se mencionaren simplemente os apelidos, mentres que non se utiliza se se me menciona o nome completo (*cítase a Carme Pousa Galego para a convocatoria*).

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto
Servizo de Publicacións

CSV: REXISTRO-14zrKMHtK-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A tradición de uso noutros parlamentos ofrece opcións moi variadas, que van desde as máis conservadoras, con abundancia de tratamentos protocolarios, ás máis innovadoras, con escasa ou nula presenza de calquera fórmula de tratamento anteposta aos nomes e aos cargos.

Visto o informe proposta de uso de tratamentos de cortesía na documentación e nas publicacións do Parlamento de Galicia elaborado polo xefe do Servizo de Publicacións, a Mesa, na súa sesión do 17 de xullo de 2024, acorda adoptar os seguintes criterios:

Primeiro. Como regra xeral, facer mención ás persoas, tanto cidadáns e cidadás como deputados e deputadas e cargos da Administración, na secuencia NOME + APELIDO + APELIDO sen ningún tipo de tratamento.

Segundo. No caso de deputados e deputadas, antepor a denominación *deputado* e *deputada* á devandita secuencia, é dicir: *a deputada Patricia Iglesias Rey; o deputado José Alberto Pazos Couñago.*

Ademais, os deputados e deputadas serán nomeados co nome con que foron proclamados, sen variantes abreviadas: *Ana Belén Pontón Mondelo; Julio Ernesto Abalde Alonso; Jesús María Fernández Rosende...*

Terceiro. Cando se cite o cargo, este non irá precedido de ningún tratamento: *o presidente do Parlamento; o presidente da Xunta de Galicia; a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.*

Cuarto. No *Diario de Sesións* respectaranse os empregos que fagan as persoas que interveñan. Por tanto, se aluden a alguén empregando tratamentos, estes manteranse: *Ten agora a palabra o señor López Font; Imos coa Proposición de lei do ..., por iniciativa de dona Olalla Rodil; Réplica, señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.*

Quinto. Se, excepcionalmente, se citase unha persoa só polos apelidos, anteporíase o tratamento de *señor/señora* (non abreviado): *o señor Martínez Sánchez.*

Sexto. Nos textos protocolarios, empregaranse os tratamentos habituais, mesmo os de máis alto nivel (con preferencia pola forma non abreviada): *o excelentísimo señor presidente do Parlamento.*

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2024

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª

Firmado digitalmente por María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª, email=elena.candia.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.07.19 10:56:00 +02'00'

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto
Servizo de Publicacións

CSV: REXISTRO-14zrKMHtK-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/07/2024 11:02:11
Nº Rexistro: 1897
Data envio: 19/07/2024 11:02:11.090

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 19/07/2024 10:56:00

CSV: REXISTRO-14zrKMHtK-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/